



**O CONCELLO DE NIGRÁN E A DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA DEFINEN AS ACTUACIÓNS NO SENDEIRO AZUL, PARA AS QUE SE DESTINARÁN MÁIS DE 13.000 EUROS, O DOBRE DO PREVISTO**

**Técnicos do organismo provincial visitaron hoxe o municipio para detectar as necesidades deste espazo entre Lourido e Panxón**

**O proxecto pretende recuperar o entorno próximo a Monte Lourido, onde se sitúa unha antiga fonte e un reloxo solar**

**Outro obxectivo da intervención é recuperar a memoria das antigas "casetas de Ramiro" coa instalación de paneis informativos**

**Nigrán, 05/04/2016.-** O alcalde de Nigrán, Juan González, e o edil de Medio Ambiente, Diego García, recibiron esta mañá a visita de dous técnicos da Deputación de Pontevedra para determinar as intervencións que se levarán a cabo no sendeiro azul do municipio, que transcorre entre os areal de Panxón e A Ramallosa no marco do convenio firmado a finais de 2015 con dito organismo.

Rexedor e concelleiro sinalaron a Eugenio Marcote, xefe do Servizo de Cooperación Municipal do organismo provincial, e Alejandro Marín, enxeñeiro da mesma institución, as prioridades do Concello de Nigrán para esta senda de 5 kilómetros de lonxitude co obxectivo de revalorizala.

"As principais actuacións que nos gustaría levar a cabo neste vieiro pasan por recuperar o espazo público situado preto de Monte Lourido, onde se atopan unha antiga fonte e un reloxo solar, recuperar a memoria das 'casetas de Ramiro' mediante paneis informativos, a instalación de mobiliario urbano, como bancos e papeleiras, a mellora da accesibilidade e outros elementos de sinalización", apuntou o alcalde de Nigrán.



Os técnicos revisarán estas propostas "para poñer en marcha canto antes as obras", segundo comentaron, e aproveitaron para anunciar que a inversión que se destinará ás actuacións é o dobre da prevista, 13.333 euros fronte aos 6.700 que se valoraran nun inicio. Esta é a suma definitiva que lle corresponde a Nigrán segundo a distribución da dotación, que ascende a 120.000 euros, repartida entre os nove municipios da provincia que forman parte da rede Sendeiro Azul.

"Coa materialización deste convenio queremos poñer en valor o espazo público que discorre entre Panxón e A Ramallosa, pola súa importancia turística, xa que unha das paisaxes mellor valoradas do municipio, e para incidir na conservación do litoral e a preservación do sistema dunar", destacou González.